



***René Vale García, con 'Top', gaña o VII Trofeo Ciudad de Betanzos***

O pasado día 15 de agosto disputábase no Monte do Gato, no concello de Coirós (A Coruña), a séptima edición do Trofeo Ciudad de Betanzos de San Huberto.

Entre os tres campos nos que se disputou a proba repartíronse un total de 34 deportistas, entre os cales se contaban varios Campións do Mundo individuais e por equipos, así como Campións de España e Galegos, entre outros.

Finalmente os puntos marcaron a diferente entre os participantes e o lucense René Vale García, so seu S.I.M. 'Top' foi o gañador da proba, seguido de Eloy Rodríguez Martínez e Roberto Dopico Dopico que rematou na terceira posición.



**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)